


PLAN DE CONVIVENCIA



Colexio
APÓSTOL SANTIAGO

XESUÍTAS - VIGO

CENTRO PLURILINGÜE	
Concertado	E.Infantil, E.Primaria, E.S.O.
Privado	Bacharelato

jsa
xesuítas

Vigo

Colexio Apóstol Santiago

PLAN DE CONVIVENCIA

1.-CARACTERÍSTICAS DO CENTRO ESCOLAR - ENTORNO, ORIXE E CONTEXTO SOCIAL.

O Colexio Apóstol Santiago foi fundado no ano 1872 no Pazo de Ancéis (A Coruña), polo P. Tomas Gómez. No ano 1875 trasládase a Camposancos (A Guarda). No 1916 o Colexio establécese en Vigo no edificio de “La Molinera” e adquirese a finca de Bellavista.

Tras ter que peregrinar por terras portuguesas, debido a disolución da Compañía de Xesús decretada pola República, en 1936, regresa a España. Sitúase provisionalmente en Mondariz Balneario e regresa a Vigo en 1941 á finca de Bellavista, onde ten o seu emprazamento actual.

A dita finca sitúase no Barrio vigués de Teis que se estende dende o comezo da rúa Sanjurjo Badía ata o límite co veciño barrio de Chapela, pertencente ó concello de Redondela.

O Colexio Apóstol Santiago desenvolve os seguintes niveis de Educación: Infantil, Primaria, Secundaria Obrigatoria, (todos eles niveis concertados) e Bacharelato (ensinanza privada).

En Total, na actualidade, 1486 alumnos.

- Infantil : 300 Alumnos
- Primaria: 600 Alumnos.
- Secundaria (ESO): 417 Alumnos.
- Bacharelatos: 169 alumnos.

O centro conta con 96 profesores.

A poboación de Teis ronda os 30.000 habitantes cun marcado carácter obreiro debido as instalacións dos asteleiros da zoa. Ademáis a economía do barrio aséntase fundamentalmente no traballo por conta allea,, , profesións liberais, comercio etc.

O alumnado procede na súa maioría do entorno do centro do barrio de Teis , pero tamén contamos cunha representación importante de zonas mais alonxadas como Canido, zona do Calvario etc., especialmente en Bacharelato podemos atopar alumnos de poboacións do outro lado da ría como Cangas, Moaña así como de Redondela.

O centro está insertado nun área urbana, aínda que no barrio de Teis fálase en certa medida a lingua galega, a inmensa maioría do noso alumnado exprésase soamente en castelán tanto cos seus compañeiros como coas súas familias.

2-. SITUACIÓN ACTUAL DA CONVIVENCIA NO CENTRO

O que entendemos por Conflito no noso Colexio:

Considérase conflito no noso centro toda situación que altera a convivencia dos membros desta comunidade educativa ou o marco físico, en calquera dos ámbitos espaciais do recinto escolar, contribuíndo á súa destrución nun grao ou outro de intensidade.

Causalidade do conflito:

Prestamos atención a todos aqueles episodios que provocan tensión e que se repiten con algunha frecuencia, en especial, amoestacións nos partes diarios e expulsións. Iso promove a apertura de expedientes informativos para valorar o risco de conflito e determinar as medidas preventivas e o seguimento oportuno por parte do Titor, o Coordinador do Ciclo, es se é o caso, do Dpto. de Orientación. Na actualidade, é o conflito que máis se dá no noso centro.

Encontrámonos, ás veces, con situacións familiares que abonan, sen pretendelo, o conflito: familias nas que os pais están tan ocupados na súas tarefas que non atenden ou non poden atender ao alumno; alta permisividade desde a máis tenra infancia que converte ao alumno, nun momento da súa evolución, nun ser ingobernable, detentador de dereitos e libre de obrigacións, por suposto, tamén a do estudo etc..

Constatamos, tamén, que certos casos de indisciplina que eran propios dunhas idades adolescentes, comezan a xurdir en idades máis novas.

Respostas do centro:

A maioría dos episodios disruptivos teñen un carácter illado, nese caso adóptanse medidas extraordinarias se a ocasión requíreo. Ademais o episodio provoca tamén a apertura de expediente informativo e un seguimento do caso por parte do Titor, o Coordinador e Dpto. de Orientación, se fose necesario.

Titorías, Dpto. de Orientación, Formación, Coordinación, Dirección e profesorado son especialmente sensibles aos episodios disruptivos que se exercen desde liderazgos negativos, individuais ou de grupo, e cursan con violencia verbal ou física do tipo que sexa. Iso promove accións de intervención a curto, medio e longo prazo tendentes, sobre todo á prevención destas accións.

O noso centro ten unha conflictividade baixa. Se ben é certo que nalgúns destes casos esta conflictividade motivou a decisión de privar a estes alumnos do dereito de asistir a clase entre un e tres días, tanto por repetición dunha a falta como por gravidade da mesma. Estas situacións son máis propias das etapas de Secundaria e Bacharelato.

Noutros casos, algúns dos diagnósticos que presentan o alumnado contribúe a aplicar medidas preventivas a fin de evitar riscos derivados da impulsividade que teñen asociados ditos diagnósticos.

Relación con familias.

A resposta do centro vén dada polas accións de seguimento de medidas preventivas de Tutores en especial, e Dpto. de Orientación, Coordinación e Dirección. Tales accións teñen comunicación oportuna ás familias sempre que hai algunha incidencia mediante partes de incidencias que se devolven asinados ou comunicacións telefónicas ou entrevistas persoais, si así se precisa . Existen reunións colectivas cos pais de tipo informativo e formativo (mínimo dous por curso). Ademais de contar cunha plataforma de intranet de comunicación coas familias.

Experiencia neste campo.

A nosa experiencia neste campo, vén dada pola aplicación dun Proceso de Resolución de Conflictos dende o curso 2008-09 no marco dun plan de Calidade no que está inmerso todo o centro. Máis atrás, os nosos Plans de Acción Titorial, contaron sempre, cun eixo transversal, o da Convivencia, aplicado desde Etapas Iniciais, desde os tempos en que fomos centro de Reforma.

A nosa experiencia levounos a buscar un programa que satisficera unha necesidade de formar aos alumnos nas súas capacidades sociais, o programa que da resposta a estas necesidades é "o programa de Competencia Social " de Manuel Segura.

Os pasos que dimos para a súa implantación foron: nun primer momento a formación do profesorado do centro, para despois pasar a súa posta en práctica nas aulas dende Educación Infantil ata Bacharelato.

O presente **Plan de Convivencia desenvólvese**, en cumprimento de:

LEY 4/2011, do 30 de Xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.(DOG 136 do 15/7/2011)

3-. OBXECTIVOS

O Plan de Mellora de Convivencia Escolar do noso Colexio, propónse os seguintes obxectivos:

1.- Desenvolver os valores e a práctica dunha cidadanía responsable, asentada nos hábitos democráticos de convivencia, na nosa tradición humano-cristiá, así como nunha cultura cívica e nos valores de respecto e de tolerancia, integrando as achegas doutras culturas

2.- A garantía dun ambiente educativo de respecto mutuo que faga posible o cumprimento dos fins da educación e que permita facer efectivo o dereito e o deber de aproveitar de forma óptima os recursos que a sociedade pon a disposición do alumnado no posto escolar.

3.- Favorecer a educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas.

4.- Promover a resolución pacífica dos conflitos e fomentar valores, actitudes e prácticas

que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas, avanzar no respecto entre todos os membros da comunidade educativa e a mellora da convivencia escolar.

5.- A prevención e o tratamento das situacións de acosos escolar, impulsando a adquisición de competencias e habilidades sociais que favorezan a súa resolución pacífica.

6.- Proporcionar formación aos profesores para permitirles avanzar na comprensión da natureza deste fenómeno e no coñecemento de procedementos e estratexias que contribúan á súa mellora. Promover o recoñecemento ao profesorado, en especial ós membros dos equipos directivos dos centros docentes, das facultades precisas para prever e correxir as condutas contrarias á convivencia, así como da protección xurídica adecuada a suas funcións.

7.- Fomentar a corresponsabilidade das nais e pais ou das titoras ou titores no mantemento da convivencia nos centros docentes, como un dos principais deberes que lles corresponden en relación coa educación dos seus fillos

8.- Promover a sensibilización dos distintos sectores que interveñen na educación sobre a importancia da convivencia como parte fundamental para o desenvolvemento persoal e social do alumnado

9.- Impulsar programas de prevención da conflictividade e da violencia no Colexio, promovendo a posta en práctica de accións educativas que redunden na mellora do clima escolar; favorecendo a súa difusión, o intercambio de experiencias e o *aproveitamento de materiais e de recursos para* a prevención e tratamento das situacións de acoso escolar mediante medidas eficaces.

4-. DIRECTRICES BÁSICAS DE CONVIVENCIA. NORMAS DO CENTRO.

4.1 Dereitos e deberes: pais, alumnado, profesores e persoal de administración e servizos.

4.1.1 Dereitos e deberes das nais e pais ou das titoras ou titores.

1. As nais e pais ou as titoras ou titores, en relación coa educación dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas, son titulares dos seguintes dereitos de convivencia e participación, sen prexuízo dos establecidos nas leis orgánicas de educación:

a) A ser respectados e recibir un trato adecuado polo resto da comunidade educativa.

b) A estar informados sobre o progreso da aprendizaxe e integración socioeducativa dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas, para o que se lles facilitará o acceso ao profesorado e aos membros dos equipos directivos do centro docente.

c) A recibir información sobre as normas que regulamentan a convivencia no centro docente.

d) A ser oídos, nos termos previstos na LEI 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa nos procedementos disciplinarios para a imposición de medidas correctoras de condutas contrarias á convivencia dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas.

e) A participar no proceso educativo a través de consultas e outros procedementos de participación directa que estableza a Administración educativa.

2. Así mesmo, como primeiros responsables da educación dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas, teñen os seguintes deberes:

a) Coñecer, participar e apoiar a evolución do seu proceso educativo, en colaboración co profesorado e co centro docente.

b) Coñecer as normas establecidas polo centro docente, respectalas e facelas respectar, así como respectar e facer respectar a autoridade e as indicacións ou orientacións educativas do profesorado no exercicio das súas competencias.

c) Fomentar o respecto polos restantes compoñentes da comunidade educativa.

d) Colaborar co centro docente na prevención e corrección das condutas contrarias ás normas de convivencia dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas.

4.1.2 Dereitos e deberes do alumnado.

1. Recoñécenselle ao alumnado os seguintes dereitos básicos de convivencia escolar, sen prexuízo dos establecidos nas leis orgánicas de educación:

a) A recibir unha formación integral e coeducativa que contribúa ao pleno desenvolvemento da súa personalidade nun ambiente educativo de convivencia, liberdade e respecto mutuo.

- b) A que se respecten a súa identidade, integridade e dignidade persoais.
- c) Á protección integral contra toda agresión física ou moral, e en particular contra as situacións de acoso escolar.
- d) A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa.
- e) A participar na confección das normas de convivencia e na resolución pacífica de conflitos e, en xeral, a participar na toma de decisións do centro en materia de convivencia.

2. Son deberes básicos de convivencia do alumnado:

- a) Participar e colaborar na mellora da convivencia escolar e na consecución dun adecuado clima de estudo no centro, respectando o dereito dos seus compañeiros ou compañeiras á educación.
- b) Respetar a dignidade e as funcións e orientacións do profesorado no exercicio das súas competencias, recoñecéndoo como autoridade educativa do centro.
- c) Respetar a liberdade de conciencia, as conviccións relixiosas e morais, a igualdade de dereitos entre mulleres e homes e a dignidade, integridade e intimidade dos restantes membros da comunidade educativa.
- d) Respetar as normas de organización, convivencia e disciplina do centro docente.
- e) Conservar e facer un bo uso das instalacións e dos materiais do centro.
- f) Intervir, a través das canles regulamentarias, en todo aquilo que afecte a convivencia do seu centro docente.
- g) Seguir as directrices do profesorado respecto da súa educación e aprendizaxe.
- h) Asistir a clase con puntualidade e co material preciso.

4.1.3. Dereitos e deberes do profesorado.

1. Ao profesorado, dentro do marco legal establecido e no ámbito da convivencia escolar, recoñécenselle os seguintes dereitos:

- a) A ser respectado, recibir un trato adecuado e ser valorado polo resto da comunidade educativa e pola sociedade en xeral no exercicio das súas funcións.
- b) A desenvolver a súa función docente nun ambiente educativo adecuado no que se preserve en todo caso a súa integridade física e moral.
- c) A participar e recibir a colaboración necesaria para a mellora da convivencia escolar e da educación integral do alumnado.
- d) A que se lle recoñezan as facultades precisas para manter un adecuado ambiente de convivencia durante as clases e as actividades e os servizos complementarios e

extraescolares.

- e) Á protección xurídica adecuada ás súas funcións docentes.
- f) A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa, nos termos previstos no título IV da LEI 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.
- g) A acceder á formación necesaria na atención á diversidade e na conflictividade escolar e recibir os estímulos máis axeitados para promover a implicación do profesorado en actividades e experiencias pedagóxicas de innovación educativa relacionadas coa convivencia e a mediación.

2. Son deberes do profesorado:

- a) Respetar e facer respetar as normas de convivencia escolar e a identidade, integridade e dignidade persoais de todos os membros da comunidade educativa.
- b) Adoptar as decisións oportunas e necesarias para manter un adecuado ambiente de convivencia durante as clases e as actividades e os servizos complementarios e extraescolares, corrixindo, cando lle corresponda a competencia, as condutas contrarias á convivencia do alumnado ou, no caso contrario, poñéndoas en coñecemento dos membros do equipo directivo do centro.
- c) Colaborar activamente na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias á convivencia e, en particular, das situacións de acoso escolar.
- d) Informar ás nais e pais ou ás titoras ou titores sobre o progreso da aprendizaxe e integración socioeducativa dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas, cumprindo as obrigas de dispoñibilidade dentro do horario establecido no centro para a atención a aqueles que lle imponha a normativa aplicable.
- e) Informar aos responsables do centro docente e, de ser o caso, á Administración educativa das alteracións da convivencia, gardando reserva e sixilo profesional sobre a información e as circunstancias persoais e familiares do alumnado.

4.1.4. Dereitos e deberes do persoal de administración e de servizos.

- 1. Ao persoal de administración e de servizos dos centros docentes, dentro do marco legal establecido e no ámbito da convivencia escolar, recoñécenselle os seguintes dereitos:
 - a) A ser respectado, recibir un trato adecuado e ser valorado polo resto da comunidade educativa e pola sociedade en xeral no exercicio das súas funcións.
 - b) A desenvolver as súas funcións nun ambiente adecuado no que se preserve en todo caso a súa integridade física e moral.
 - c) A participar, no exercicio das súas funcións, na mellora da convivencia escolar.
 - d) Á protección xurídica adecuada ás súas funcións.

e) A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa, nos termos previstos no título IV da LEI 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.

2. Son deberes do persoal de administración e de servizos:

a) Respetar e colaborar, no exercicio das súas funcións, para facer que se respecten as normas de convivencia escolar e a identidade, integridade e dignidade persoais de todos os membros da comunidade educativa.

b) Colaborar activamente na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias á convivencia e, en particular, das situacións de acoso escolar.

c) Informar aos responsables do centro docente e, de ser o caso, á Administración educativa das alteracións da convivencia, gardando reserva e sigilo profesional sobre a información e as circunstancias persoais e familiares do alumnado.

d) Gardar sigilo e confidencialidade respecto das actuacións relacionadas co ámbito educativo das que teña coñecemento.

4.2 Actuacións preventivas:

As actuacións preventivas irán destinadas a dar a coñecer e sensibilizar sobre a importancia de alcanzar un clima escolar axeitado que facilite a integración apropiada de toda a comunidade educativa, minimizando os posibles conflitos e facilitando información, formación e ferramentas para acadar dito clima.

Tipos de actuacións preventivas:

1) Co profesorado:

a) Informativas: A principio de curso, no claustro, recórdanse as normas e protocolos de funcionamento en caso de conflitos, así como as posibles modificacións con respecto a cursos anteriores.

b) Formativas.

- Cursos de formación titorial (tres módulos) no marco de EDUCSI
- Formación en Competencia Social.

2) Co alumnado. No ámbito da Formación Humana e da Acción Titorial..

a) Informativas, de diagnóstico e seguimento:

- Coñecemento das normas de funcionamento do centro no marco das Titorías na ESO e da Acción Titorial en EI/EP.
- Titorías específicas: decisión consensuada normas da aula, eleccións delegados, etc.
- Titorías trimestrais para valorar o funcionamento e dinámica da aula.
- Hora de entrevista titorial para acompañamento e seguimento do alumnado (incluído no horario lectivo de cada titor)

b) Formativas:

- Implantación en todo o colexio do Programa de Competencia Social para o desenvolvemento de Habilidades Sociais (dende Educación Infantil ata Bacharelato)
- Titorías específicas sobre convivencia entre iguais e formación en valores (Campañas de Nadal, da Paz e da Solidaridade, Semana Ignaciana, etc.)
- Titorías específicas sobre temas relacionados coa convivencia:
 - Conectamos ben (Concello)
 - Formación en ciber-bullying
 - PLDP (Plan Local de Prevención de Drogodependencias do Concello de Vigo)
 - Programa formación afectivo-sexual con Amaina.
- Participación voluntaria de alumnado de Secundaria e Bacharelato na primeira semana de adaptación dos nenos de 3 anos.
- Programa de Convivencia Quérote + da Xunta de Galicia en 3º-4º ESO.
- Excursións anuais de especial valor para fomentar a convivencia entre alumnos (*Peregrinación a Javier* - Navarra en 6º, *Camiño de Santiago* en 3º ESO, *Peregrinación a Loyola* en 1º Bach, etc)

3) Cas familias

a) Formación:

- Escola de Familias
- Reunións trimestrais de formación.

b) Información:

- Reunións informativas de inicio de curso por ciclos e durante o curso.
- Entrevistas cos titores, equipo docente, etc. para seguimento e coordinación no traballo co alumnado.
- Encontros coa ANPA e posibles reunións/entrevistas cos delegados de pais e nais de cada curso.

4.3 Condutas contrarias á convivencia

As normas de convivencia do centro relativas as condutas contrarias á convivencia no memso rexiránse en termos xerais polo recollido nos artigos 14-15-16- e 17 da lei.

Artigo 14. Clases de condutas contrarias á convivencia.

1. As condutas contrarias á convivencia nos centros docentes clasifícanse en condutas gravemente prexudiciais para a convivencia e condutas leves contrarias á convivencia, de acordo co establecido nesta sección.

2. Cando calquera membro da comunidade educativa entenda que os feitos poden ser constitutivos de delito ou falta, deberá comunicarllo á dirección do centro educativo para a súa remisión á Administración educativa e ao Ministerio Fiscal, sen prexuízo de tomar as medidas cautelares oportunas.

Artigo 15. Condutas gravemente prexudiciais para a convivencia.

Considéranse condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes:

a) As agresións físicas ou psíquicas, as inxurias e as ofensas graves, as ameazas e as coaccións contra os demais membros da comunidade educativa.

b) Os actos de discriminación grave contra membros da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo, orientación sexual, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

c) Os actos individuais ou colectivos de desafío á autoridade do profesorado e ao persoal de administración e de servizos que constitúan unha indisciplina grave.

d) A gravación, a manipulación e a difusión por calquera medio de imaxes ou informacións que atenten contra o dereito á honra, a dignidade da persoa, a intimidade persoal e familiar e a propia imaxe dos demais membros da comunidade educativa.

e) As actuacións que constitúan acoso escolar consonte o establecido polo artigo 28 desta lei.

f) A suplantación de personalidade en actos da vida docente e a falsificación, alteración ou subtracción de documentos académicos.

g) Os danos graves causados de forma intencionada ou por negligencia grave ás instalacións e aos materiais dos centros docentes, incluídos os equipos informáticos e o software, ou aos bens doutros membros da comunidade educativa ou de terceiros, así como a súa subtracción.

h) Os actos inxustificados que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do centro, incluídas as de carácter complementario e extraescolar.

i) As actuacións gravemente prexudiciais para a saúde e a integridade persoal dos membros da comunidade educativa do centro, ou a incitación a elas.

j) Portar calquera obxecto, substancia ou produto gravemente perigoso para a saúde ou a integridade persoal de calquera membro da comunidade educativa. En todo caso, reputarase indisciplina grave a resistencia ou a negativa a entregar os obxectos a que se refire o punto terceiro do artigo 11 desta lei cando se é requirido para iso polo profesorado.

k) A reiteración, nun mesmo curso escolar, de condutas leves contrarias á convivencia.

l) O incumprimento das sancións impostas.

Artigo 16. Condutas leves contrarias á convivencia.

Considéranse condutas leves contrarias á convivencia:

a) As condutas tipificadas como agresión, inxuria ou ofensa na línea a), os actos de discriminación da línea b), os actos de indisciplina da línea c), os danos da línea g), os

actos inxustificados da línea h) e as actuacións prexudiciais descritas na línea i) do artigo anterior que non alcancen a gravidade requirida no devandito precepto.

b) Portar calquera obxecto, substancia ou produto expresamente prohibido polas normas do centro perigoso para a saúde ou a integridade persoal do alumnado ou dos demais membros da comunidade educativa ou que perturbe o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou extraescolares, cando non constitúa conduta gravemente prexudicial para a convivencia de acordo coa línea j) do artigo anterior.

c) A inasistencia inxustificada a clase e as faltas reiteradas de puntualidade, nos termos establecidos polas normas de convivencia de cada centro docente.

d) A reiterada asistencia ao centro sen o material e equipamento preciso para participar activamente no desenvolvemento das clases.

e) As demais condutas que se tipifiquen como tales nas normas de convivencia de cada centro docente.

Artigo 17. Prescrición das condutas contrarias á convivencia.

1. As condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes tipificadas nesta sección prescriben aos catro meses da súa comisión e as condutas leves contrarias á convivencia, ao mes.

2. O prazo de prescrición comezará a contarse desde o día en que a conduta se leve a cabo, salvo cando se trate dunha conduta continuada, caso no que o prazo de prescrición non se empezará a computar mentres aquela non cese.

3. No caso das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia, interromperá a prescrición a iniciación, con coñecemento do interesado ou da interesada, do procedemento para a corrección da conduta, e continuarase o cómputo do prazo de prescrición para o caso de producirse a caducidade do procedemento.

4.4 Actuacións correctoras.

As normas de convivencia do centro relativas as actuacións contrarias á convivencia no mesmo rexiránse en termos xerais polo recollido nos artigos 14-15-16- e 17 da lei.

Artigo 18. Principios xerais das medidas correctoras.

1. As correccións que se apliquen polo incumprimento das normas de convivencia terán un carácter educativo e recuperador, garantirán o respecto dos dereitos do resto do alumnado e procurarán a mellora da convivencia no centro docente.

2. En todo caso, na corrección das condutas contrarias á convivencia aplicaranse os seguintes principios:

a) Ningún alumno ou alumna poderá ser privado do exercicio do seu dereito á educación, nin, no caso da educación obrigatoria, do seu dereito á escolaridade. Para estes efectos, non se entenderá como privación do dereito á educación a imposición das correccións previstas nesta sección que supoñen a suspensión da asistencia ás clases ou o cambio de centro.

b) Non se poderán impoñer correccións contrarias á integridade física e á dignidade persoal do alumnado.

c) A imposición das correccións previstas nesta sección respectará a proporcionalidade coa conduta do alumnado e deberá contribuír á mellora do seu proceso educativo.

d) Terase en conta a idade do alumnado e as demais circunstancias persoais, familiares e sociais. Para estes efectos, poderase solicitar os informes que se consideren necesarios sobre as mencionadas circunstancias e recomendar, de ser o caso, ás nais e pais ou ás titoras ou titores ou ás autoridades públicas competentes a adopción das medidas necesarias.

Artigo 19. Programas e actuacións complementarias ás medidas correctoras.

1. Como complemento das medidas correctoras previstas nesta sección, o departamento de orientación de cada centro docente elaborará e desenvolverá un programa de habilidades sociais dirixido ao alumnado que incorra reiteradamente en condutas disruptivas, coa finalidade de mellorar a súa integración no centro docente. Así mesmo, elaborará e desenvolverá un programa de habilidades sociais para aquel alumnado que, como consecuencia da imposición das medidas correctoras previstas nesta sección, se vexa temporalmente privado do seu dereito de asistencia ao centro.

2. Estes programas aplicaranse en colaboración co profesorado titor e, de ser o caso, cos servizos sociais, e procurarán implicar o resto do profesorado e as familias para lograr, conxuntamente, o desenvolvemento adecuado do proceso educativo e das accións propostas.

3. Crearanse as aulas de convivencia inclusiva, non estables e con vocación de substituír o tempo de expulsión, con apoios e formación específica, que busquen reincorporar o alumnado á súa propia aula no menor tempo posible.

Artigo 20. Procedementos conciliados de resolución dos conflitos.

1. Regulamentariamente determinarase un procedemento conciliado para a resolución dos conflitos de convivencia. A participación do alumnado ou dos seus representantes legais terá carácter voluntario, por solicitude do alumnado ou dos seus representantes legais, e esixirá o compromiso de cumprimento das accións reparadoras.

2. A opción pola conciliación suspende o inicio do procedemento disciplinario de corrección da conduta, que se retomará no caso de que a conciliación sexa infrutuosa. O cumprimento das accións reparadoras dará lugar á finalización do procedemento de corrección da conduta contraria á norma de convivencia.

3. No procedemento, formalizado por escrito, incluírase a intervención dunha persoa instrutora e dunha persoa mediadora.

4. O procedemento formalizado será o que determine o centro, coa aprobación do consello escolar, e que figurará no regulamento de réxime interno.

Artigo 21. Medidas correctoras das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia.

As condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes poden ser corrixidas coas seguintes medidas:

a) Realización, dentro ou fóra do horario lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.

b) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de entre dúas semanas e un mes.

c) Cambio de grupo.

d) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de entre catro días lectivos e dúas semanas. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

e) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de entre catro días lectivos e un mes. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

f) Cambio de centro.

Artigo 22. Medidas correctoras das condutas leves contrarias á convivencia.

As condutas leves contrarias á convivencia poden ser corrixidas coas seguintes medidas:

a) Amoestación privada ou por escrito.

b) Comparecencia inmediata ante a persoa que ocupe a xefatura de estudos ou persoa que exerza funcións equivalentes nos centros concertados.

c) Realización de traballos específicos en horario lectivo.

d) Realización, en horario non lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.

e) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de ata dúas semanas.

- f) Cambio de grupo por un período de ata unha semana.
- g) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
- h) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

Artigo 23. Graduación das medidas correctoras.

Para a graduación das medidas correctoras previstas nesta sección tomaranse en consideración especialmente os seguintes criterios:

- a) O recoñecemento espontáneo do carácter incorrecto da conduta e, se é o caso, o cumprimento igualmente espontáneo da obriga de reparar os danos producidos nos termos previstos polo artigo 13 desta lei.
- b) A existencia de intencionalidade ou reiteración nas condutas.
- c) A difusión por calquera medio, incluídos os electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos, da conduta, das súas imaxes ou da ofensa.
- d) A natureza dos prexuízos causados.
- e) O carácter especialmente vulnerable da vítima da conduta, se se trata dun alumno ou alumna, por razón da súa idade, de recente incorporación ao centro ou calquera outra circunstancia.

Artigo 24. Prescrición das medidas correctoras.

As medidas correctoras das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes previstas nesta sección prescriben ao ano da firmeza en vía administrativa da resolución que as impón. As medidas correctoras das condutas leves contrarias á convivencia prescriben aos catro meses da súa imposición.

Sección 3.^a Procedemento para a imposición das medidas correctoras

Artigo 25. Procedemento para a imposición de medidas correctoras de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia.

1. As medidas correctoras de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia só se poden impoñer logo da tramitación do procedemento disciplinario regulado neste artigo.
2. Corresponde acordar a incoación do procedemento á persoa titular da dirección do

centro docente, por propia iniciativa, por petición motivada do profesorado ou da titora ou titor da alumna ou alumno ou da persoa que ocupe a xefatura de estudos ou persoa que exerza funcións equivalentes nos centros concertados, ou logo da denuncia doutros membros da comunidade educativa.

3. A incoación do procedemento notificarase á nai ou pai ou á titora ou titor da alumna ou alumno, ou a este se é maior de idade, con indicación da conduta que o motiva, as correccións que poden corresponder e o nome da profesora ou profesor que actuará como persoa instrutora. Así mesmo, comunicarase á inspección educativa.

4. No propio acordo de incoación ou en calquera momento da tramitación do procedemento, a persoa titular da dirección do centro pode adoptar motivadamente, por iniciativa propia ou por instancia do instrutor, como medidas provisionais o cambio temporal de grupo da alumna ou alumno ou a suspensión do dereito de asistencia ao centro ou a determinadas clases ou actividades, por un período non superior a cinco días lectivos. A adopción de medidas provisionais notificarase á nai ou pai ou á titora ou titor da alumna ou alumno, ou a este se é maior de idade.

5. Finalizada a instrución do procedemento, a persoa instrutora formulará proposta de resolución e dará audiencia á alumna ou alumno e, se é menor de idade, á nai ou pai ou á titora ou titor, convocándoos a unha comparecencia en horario lectivo na que poderán acceder a todo o actuado e da cal se estenderá acta. No caso de incomparecencia inxustificada, o trámite de audiencia terase por realizado para todos os efectos legais, sen prexuízo do previsto no artigo 27 desta lei.

6. Realizado o trámite de audiencia, a persoa titular da dirección do centro ditará resolución motivada que se pronunciará sobre a conduta da alumna ou alumno e impondrá, se é o caso, a correspondente corrección, así como a obriga de reparar os danos producidos nos termos previstos polo artigo 13 desta lei.

7. A resolución notificarase á nai ou pai ou á titora ou titor da alumna ou alumno, ou a este se é maior de idade, nun prazo máximo de doce días lectivos desde que se tivo coñecemento dos feitos que deron lugar á incoación do procedemento, e comunicarase á inspección educativa.

8. A resolución da persoa titular da dirección do centro pon fin á vía administrativa e será inmediatamente executiva. Contra a resolución da persoa titular da dirección do centro cabe instar a revisión ante o Consello Escolar no prazo de dez días lectivos nos termos previstos na alínea f) do artigo 127 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Artigo 26. Procedemento para a imposición de medidas correctoras de condutas leves contrarias á convivencia.

1. A imposición das medidas correctoras de condutas leves contrarias á convivencia levaraa a cabo:

a) O profesorado da alumna ou alumno, oído este e dando conta á persoa que ocupe a xefatura de estudos ou persoa que exerza funcións equivalentes nos centros concertados, no caso das medidas previstas nas alíneas a), b) e c) do artigo 22 desta

lei.

b) A titora ou titor da alumna ou alumno, oído este e dando conta á persoa que ocupe a xefatura de estudos ou persoa que exerza funcións equivalentes nos centros concertados, no caso das medidas previstas nas alíneas a), b), c) e d) do artigo 22 desta lei.

c) A persoa que ocupe a xefatura de estudos ou persoa que exerza funcións equivalentes nos centros concertados, ou a persoa titular da dirección do centro, oídos a alumna ou alumno e a súa profesora ou profesor ou titora ou titor, no caso das medidas previstas nas alíneas a), c), d), e) e f) do artigo 22 desta lei.

d) A persoa titular da dirección do centro, oídos a alumna ou alumno e a súa profesora ou profesor ou titora ou titor, no caso das medidas previstas nas alíneas g) e h) do artigo 22 desta lei. A imposición destas medidas correctoras comunicarase á nai ou pai ou á titora ou titor da alumna ou alumno antes de que estas se fagan efectivas, así como ao Observatorio da Convivencia Escolar do centro.

2. As resolucións que imponen as medidas correctoras ás que se refire este artigo poñen fin á vía administrativa e son inmediatamente executivas.

4.5 Actuacións reeducadoras.

No marco da nova lei o centro establece un horizonte de dous anos no que por en marcha algunhas iniciativas reeducadoras complementarias as puramente correctoras (de carácter máis sancionador). Entre estas medidas experimentais poderían estar actuacións dos seguintes tipos:

- a) Participación en actividades cos rapaces máis pequenos do centro
- b) Colaboración en actividades paraescolares coma monitores
- c) Participación en actividades deportivas colaborando cos adestradores.
- d) Participación en actividades de tipo social o de voluntariado.

5.- PROTOCOLO DE ACTUACIÓN EN SITUACIÓNS DE ACOSO: PREVENCIÓN, TRATAMENTO E ACOSO.

Cando falamos de **acoso escolar** (tamén coñecido como bullying) referímonos a situacións nas que un ou máis alumnos (agresor) perseguen e intimidan a outro (víctima) a través de agresións físicas ou verbais, insultos, rumores, vexacións, illamento social, ameazas, coaccións... podendo desenvolverse ao longo de meses e mesmo anos.

Non podemos chamar acoso cando alguén se mete con outro de forma amigable ou como nun xogo. Tampouco é acoso cando dous estudantes "da mesma forza" discuten ou pelexan.

As formas de acoso escolar poden ser moi diversas sen necesidade de que se produza unha agresión física, en ocasións trátase dun conxunto de intimidacións que deixan á vítima sen resposta. Algunhas destas condutas intimidatorias son:

- Maltrato verbal: insultos, falar mal de alguén ou difamar, sementar rumores ou contos.
- Intimidacións psicolóxicas: ameazas para provocar medo, lograr algún obxecto ou diñeiro e tamén para obrigar a facer cousas contra a súa vontade, chantaxe e burlas públicas, pintadas alusivas, notas e cartas ameazantes.
- Maltrato físico: directo ou indirecto. Directo sería cando se trata de malleiras, lesións con diferentes obxectos, agresións en forma de patadas, "collejas"... O indirecto serían roubos e estrago de material escolar, roupa e outros obxectos persoais.
- Illamento social: ignorar e non dirixir a palabra, impedir a participación co resto do grupo, coaccionar amigos da vítima para que non interactúe con esta. Rexeitamento a sentarse ao seu lado na aula.

Nos últimos anos observamos novas modalidades de acoso, entre elas o que se produce a través das novas tecnoloxías, **ciberacoso**. Prodúcese cando un alumno é atormentado, ameazado, acosado, humillado... ou convértese no branco doutro neno ou adolescente a través da internet, tecnoloxías interactivas e dixitais ou teléfonos móbiles. Ten que implicar a un menor de idade en ambos os dous lados ou polo menos, a situación ten que ter sido instigada por un menor contra outro menor.

Os tipo de acoso, mediante as novas metodoloxías, que nos podemos encontrar son:

1. Insultos electrónicos: Intercambio de insultos entre dous ou máis persoas que teñen lugar a través dalgunha das novas tecnoloxías. Intercambio de emails privados ou intercambio en contextos públicos como chats... Intercambio mutuo de insultos entre varias persoas implicadas.
2. Frustramento (Hostigamiento): Mensaxes ofensivas continuadas enviadas á persoa elixida como branco por correo electrónico e/ou en foros públicos como salas de chat e foros de debate; envío de centos ou miles de mensaxes de texto ao teléfono móbil. Neste caso, ao contrario que os insultos electrónicos se mantén a longo prazo e prodúcese máis unilateralmente, é dicir, dun ou máis agresores fronte a unha única vítima.
3. Denigración: Información despectiva e falsa respecto a outra persoa que é colgada nunha páxina web ou difundida vía correos electrónicos, mensaxes instantáneas... por exemplo, fotos dunha persoa alteradas dixitalmente de forma que poidan prexudicar á persoa en cuestión.
4. Suplantación: O acosador faise pasar pola vítima, a maioría das veces

utilizando a clave de acceso da vítima para acceder ás súas contas online, e a continuación enviando mensaxes negativas, agresivas ou crueis a outras persoas coma se tivesen sido enviados pola propia vítima.

5. *Desvelamiento e sonsacamiento*: Implica revelar información comprometida da vítima a outras persoas, enviada de forma espontánea pero privada pola vítima ou que foi lurpiada á vítima e despois difundida a outras persoas.

6. Exclusión: Non deixar participar á persoa dunha rede social específica.

7. Ciberpersecución: Envío de comunicacións electrónicas reiteradas, hostigadoras e ameazantes.

8. Malleira feliz (happy slapping): Realízase unha agresión física a unha persoa á que se grava en vídeo co móbil e logo cólgase na rede para que o vexan miles de persoas.

5.1.-Prevención das situacións de acoso escolar

As actividades de prevención que se formulan durante cada curso escolar inclúen:

- 4 horas de acollida no día de curso, dende 1º ESO ata 2º BACHARELATO
- Traballo cos Delegados de clase:
 - Eleccións de delegados.
 - Preparación previa na titoría.
 - Reunións de seguimento.
- Titorías sobre normas.
- Titorías sobre dereitos e deberes do alumnado.
- Titorías trimestrais nas que se valora o funcionamento e a dinámica da aula.
- Hora de entrevista titorial (incluída no horario lectivo de cada profesor/a) para acompañamento e seguimento do alumnado.
- Titorías específicas sobre convivencias entre iguais e formación en valores (Campaña Nadal, Paz e Solidaridade, etc.)
- Titorías específicas sobre temas relacionados coa convivencia
 - Conectamos ben (Concello)
 - Formación en Ciber-bulling
 - PLPD (Plan Local de Prevención Drogodependencias do Concello de Vigo)
 - Afectivo-sexuais con Amaina.
- Implantación en todo o colexio do Programa de Competencia Social para o desenvolvemento de Habilidades Sociais.
- Programa de Convivencia Quérote + da Xunta de Galicia en 3º y 4º de la ESO.
- Convivencias de inicio de curso.
- No comezo do curso, entrevistas cos alumnos novos co seu titor.
- Seguimento e acompañamento do alumnado novo de ESO e

- Bacharelato cada novo curso, co Departamento de Orientación
- Charla sobre delitos cibernéticos para alumnos, profesores e pais, etc.

5.2.-Detección

Instrumentos para avaliar e identificar o acoso e o ciberacoso.

A observación condutual é o método máis utilizado no noso centro para a identificación de situacións de acoso ou ciberacoso.

Non obstante, naqueles casos en que existen sospeitas sobre unha posible situación de acoso nunha aula e non temos información abondo, dispoñemos no Departamento de Orientación dun test específico para detectar este tipo de situacións (AVE, aplicable a alumnos dende 2º de Primaria a 2º de Bacharelato)

Para a observación condutual utilizamos os seguintes indicadores descriptivos:

<https://docs.google.com/a/colégioapostol.com/file/d/0BxcivqdQ95sKRnRZYUx4OVVOQmM/edit>

<https://docs.google.com/a/colégioapostol.com/file/d/0BxcivqdQ95sKRzlxSktHcnVjMWs/edit>

5.3 Tratamento das situacións de acoso escolar

COMUNICACIÓN:

O primeiro paso será, por parte do alumno vítima do acoso escolar ou calquera outro membro da comunidade educativa, comunicar a situación de acoso no centro escolar ante:

- Un profesor co que poida existir máis confianza
- O titor
- O coordinador
- O Departamento de Orientación

Este primeiro nivel de actuación corresponde a todos e cada un dos membros da comunidade educativa que teñan coñecemento dunha situación de acoso ou considere que hai indicios razoables de que a devandita situación se está a producir.

ANÁLISE DA INFORMACIÓN

O titor co asesoramento do Departamento de Orientación e a participación do coordinador, Xefe de Estudos e/ou Director levará a cabo a recollida da información necesaria para analizar o conflito e determinar se:

- se trata de un feito illado e puntual
- dun feito reiterativo despois de intervir anteriormente no devandito conflito ou outro, coa particularidade de que en todos eles o agresor é o mesmo alumno,
- dunha situación prolongada no tempo.

INTERVENCIÓN OU TRATAMENTO

1-. No caso de tratarse dun feito puntual, aplicarase a sanción correspondente a este tipo de infracción recollida nas Normas de Convivencia.

Por outro lado, o titor realizará un seguimento da conduta do alumno co fin de confirmar que non se repite.

2-. Naqueles casos en que se trata de situacións que se manteñen no tempo e consideradas como acoso a intervención realizarase en tres fases:

FASE I:

El tutor del alumno acosado deberá:

- Citar y recibir a la familia y al alumno acosado en entrevista individual para conocer el alcance del problema
- Citar, junto con el tutor del alumno agresor, a la familia y al alumno acosador, así como al resto de implicados en entrevista individual para conocer el alcance del problema.
- Convocar al Equipo Docente y/o a la Comisión de Convivencia para exponer el caso y tomar una decisión consensuada sobre las medidas a tomar en cada caso.
- Informar a las familias implicadas, una vez existan evidencias claras.

FASE II:

Procédese á análise da información e as posibles medidas a adoptar.

- Actuacións de apoio e protección expresa ou indirecta
- Se é necesario, derivación aos servizos externos (sociais, sanitarios...)
- Vixilancia específica de vítima e agresores.
- Titoría individualizada cos implicados.
- Solicitar a colaboración familiar para a vixilancia e control dos seus fillos.
- Pautas de autoprotección á vítima
- Pautas de acción para vítimas:
<https://docs.google.com/a/colegioapostol.com/file/d/0BxcivqdQ95sKR0ZSNWFSX2pYWms/edit>

Medidas de corrección co agresor, entre outras e dependendo da gravidade dos

feitos poden ser:

- Petición de disculpas de forma oral e/ou escrito.
- Participación nun proceso de mediación.
- Realización de traballos específicos en horario non lectivo relacionados co dano causado
- Solicitar a colaboración familiar para a vixilancia e control dos seus fillos.
- Realización de tarefas relacionadas coa mellora da convivencia no centro.
- Implicación en tarefas socioeducativas.
- Cambio de grupo
- Suspensión do dereito a participar en actividades complementarias e extraescolares.
- Suspensión do dereito de asistencia ao centro por un prazo máximo de tres días.
- Pautas de acción para agresores:
<https://docs.google.com/a/colégioapostol.com/file/d/0BxcivqdQ95sKR0ZSNWFSX2pYWms/edit>
- Outras recollidas nas Normas de Convivencia.

Cos compañeiros dos afectados (espectadores):

- Actuacións dirixidas á sensibilización e apoio entre compañeiros
- Pautas de acción para espectadores:
<https://docs.google.com/a/colégioapostol.com/file/d/0BxcivqdQ95sKR0ZSNWFSX2pYWms/edit>

Coas familias:

- Orientacións sobre indicadores de detección e intervención (tablas)
- Información sobre posibles apoios externos.
- Seguimento do caso e coordinación das actuacións entre familia e colexio.

Cos profesores:

- Orientacións sobre indicadores de detección e intervención (tablas)
- Pautas de conduta con vítimas, agresores e espectadores:
<https://docs.google.com/a/colégioapostol.com/file/d/0BxcivqdQ95sKYkITQnItU0d2eIE/edit>

FASE III:

O titor realizará un rexistro escrito do proceso do que se gardará copia en Dirección::

- Descrición da situación de acoso e alumnos implicados.
- Actuacións co alumnado implicado: vítima, agresor, espectadores...
- Actuacións coa familia
- Actuacións co equipo docente
- Colaboración e coordinación con institucións e organismos externos.
- Seguimento e avaliación.

3-. Se se trata dun feito reiterativo, despois de intervir anteriormente no devandito conflito ou noutro, coa particularidade de que en todos eles o agresor é sempre o mesmo alumno, a Comisión de Convivencia valorará a necesidade de solicitar a intervención dun organismo externo ao colexio, como pode ser: o Equipo de Orientación Específico (trastornos de conduta), Inspección Educativa, Fiscalía de Menores, etc. por considerarse conveniente unha intervención máis específica e especializada.

5.4 Protección integral das vítimas.

Adoptaránse as medidas precisas para garantir ao alumnado vítima de situacións de acoso escolar a protección integral da súa integridade e dignidade persoais e do seu dereito á educación, **debendo primar sempre o interese da vítima sobre calquera outra consideración no tratamento destas situacións.**

A protección da vítima garantirase mediante medidas cautelares que impidan a ameaza, o control ou o contacto entre vítima e causantes da situación de acoso. Arbitraranse medidas para o seguimento dos causantes da situación de acoso que impidan a continuación de eventuais condutas acosadoras.

6. MEDIACIÓN: PROCEDIMIENTO CONCILIADO DE RESOLUCIÓN DE CONFLICTOS.

Regulamentariamente determinarase un procedemento conciliado para a resolución dos conflitos de convivencia. A participación do alumnado ou dos seus representantes legais terá carácter voluntario, por solicitude do alumnado ou dos seus representantes legais, e esixirá o cumprimento de cumprimento das accións reparadoras.

A opción pola conciliación suspende o inicio do procedemento disciplinario de corrección da conduta, que se retomará no caso de que a conciliación sexa infrutuosa. O cumprimento das accións reparadoras dará lugar á finalización do procedemento de corrección da conduta contraria á norma de convivencia.

No procedemento, formalizado por escrito, incluírase a intervención dunha persoa instrutora e dunha persoa mediadora.

O procedemento formalizado será o que determine o centro, coa aprobación do consello escolar, e que figurará no regulamento de réxime interno.

6.1. Tipos de mediación

6.1.1 Mediación entre no iguais.

Regulamentariamente o procedemento conciliador para a resolución dos conflitos de convivencia contará coa participación do alumnado implicado no devandito conflito e a intervención dunha persoa mediadora pertencente ao claustro de profesores, ben sexa o titor, ben sexa o profesor que se encontre no

momento cos alumnos en conflito.

O procedemento de actuación consistirá en escoitar por separado a todas as partes implicadas. Unha vez recollida a información procederase á contrastación dos argumentos esgrimidos polos alumnos nunha reunión con todas as partes.

Para finalizar guiaráselles para que encontren unha solución coa que ambas as dúas partes estean de acordo, deixando que xurdan alternativas distintas e que sexan presentadas polos alumnos. De modo que a elixida por ambas as dúas partes repare a situación orixe do conflito.

A opción pola conciliación suspende o inicio do procedemento disciplinario de corrección da conduta, que se continuará en caso de que a conciliación fose infrutuosa. O cumprimento das accións reparadoras dará lugar á finalización do procedemento de corrección da conduta contraria á norma de convivencia.

6.1.2 Mediación entre iguais.

Como alternativa á xestión tradicional de conflitos nos que unicamente intervén o profesorado e o director ou o xefe de estudos do centro coas sancións previstas polo regulamento correspondente ou mediante o proceso de mediación anteriormente exposto, se propón unha experiencia piloto de mediación entre iguais para valorar posteriormente a conveniencia de estendela a outros niveis educativos.

Trataríase dun programa de resolución de conflitos sen intervención de medidas disciplinarias, baseado no diálogo e no acordo de resolución por cooperación entre iguais.

Para a súa posta en marcha faise necesario:

- Formación sobre o proceso de mediación: profesor encargado do proceso de mediación no colexio e alumnos que posteriormente actuarán como mediadores.
- Establecer un lugar e un tempo precisos no que se leve a cabo o proceso da mediación para facilitar que as partes en conflito poidan falar e chegar a acordos (podería ser a hora de titoría ou nalgún recreo un día predeterminado)
- Os conflitos a resolver han de ter unhas determinadas características, principalmente que se trate de conflitos leves.
- Ambas as dúas partes deben estar de acordo en resolver o conflito mediante a mediación.

7. PARTICIPACIÓN DIRECTA DAS FAMILIAS E DOS RESTANTES MEMBROS DA COMUNIDADE EDUCATIVA NO ENSINO E NO PROCESO EDUCATIVO.

A participación das familias e dos restantes membros da comunidade educativo no ensino rexirase en termos xerais polo recollido nos artigos 31 da lei.

Artigo 31. Procedementos de consulta e participación directa no ensino.

1. Para facer efectiva a corresponsabilidade entre o profesorado e as familias na educación dos seus fillos e fillas e garantir a colaboración efectiva entre a familia e a escola, a Administración educativa poderá establecer procedementos de consulta e participación directa das familias. Estes procedementos poderán estenderse a outros membros da comunidade educativa.

2. Os procedementos previstos neste artigo terán como finalidade solicitar as preferencias individuais ou colectivas das nais e pais ou das titoras ou titores do alumnado, do propio alumnado se é maior de idade e, de ser o caso, doutros membros da comunidade educativa sobre aspectos determinados da programación xeral do ensino.

3. En ningún caso poderán ser obxecto de consulta os aspectos da programación xeral do ensino regulados directamente por normas con rango de lei ou que deban ser regulados pola lei por disposición constitucional.

Canles de participación existentes:

Entrevistas titoriais e con coordinadores de ciclo.

As disposicións que regulen a distribución do horario semanal individual do profesorado garantirán a dispoñibilidade deste, teña ou non a condición de titor, para a atención ás nais e pais ou ás titoras ou titores do alumnado.

Ao dar cumprimento ao previsto neste artigo, coidarase de xeito especial que as horas de atención ás nais e pais ou ás titoras ou titores sexan razoablemente compatibles, dentro do horario do centro, coas obrigas laborais e familiares destes.

Entrevistas con membros do Equipo Directivo.

Garantirase igualmente a dispoñibilidade dos membros dos equipos directivos dos centros docentes para a atención ás nais e pais ou ás titoras ou titores do alumnado.

Entrevistas co DOE.

Plataforma pedagóxica Moodle. Plataforma DIODRO.

Os procedementos de consulta e participación directa poderán realizarse mediante a utilización de medios electrónicos, ben nos propios centros docentes, ben telematicamente, respectando as garantías establecidas na lexislación sobre acceso electrónico da cidadanía aos servizos públicos e na de protección de datos.

Consello Escolar

ANPA.

Delegados de clase e de curso.

8. COMISIÓN DE CONVIVENCIA

8.1 Coordinador de Convivencia

O director de Etapa será o Coordinador da Comisión de Convivencia, en colaboración co xefe de estudos e coordinadores de ciclo.

O coordinador de convivencia escolar desempeñará, sen prexuízo das competencias da comisión de convivencia do centro, as seguintes funcións:

- a) Coordinar, en colaboración co xefe de estudos, o desenvolvemento do plan de convivencia do centro e participar no seu seguimento e avaliación.
- b) Participar na elaboración e aplicación do plan de acción tutorial en coordinación con o Coordinador de FH do centro e co equipo de orientación educativa e psicopedagóxica ou co departamento de orientación do centro, no referente ao desenvolvemento da competencia social do alumnado e a prevención e resolución de conflitos entre iguais.
- c) Participar nas actuacións de mediación, como modelo para a resolución de conflitos no centro escolar, en colaboración con xefatura de estudos, coordinación e o titor, e segundo o que se especifique no regulamento de réxime interior do centro.
- d) Promover a cooperación educativa entre o profesorado e as familias, de acordo co establecido no plan de convivencia do centro.
- e) Unha vez posta en marcha a experiencia piloto en mediación, coordinar aos alumnos que puidesen desempeñar accións de mediación entre iguais.
- f) Aqueloutras que aparezan no plan de convivencia do centro ou que lle sexan encomendadas polo equipo directivo do centro encamiñadas a favorecer a convivencia escolar.

8.2 Comisión de Convivencia

8.2.1. Definición:

Un órgano colexiado para reflexionar e investigar en relación co estado da convivencia no centro e deseñar estratexias que se deberán adoptar para o fomento da cultura de paz e para mellorar o clima da convivencia escolar

8.2.2. Composición

- O director/a xeral
- Direccións de etapa, en función da necesidade
- O xefe/a de estudos.
- Representante/s do profesorado: coordinacións de ciclos ou niveis
- O orientador/a do centro

8.2.3 Funcións

- Dinamizar o plan de convivencia do centro.

- Elaborar un informe anual da análise da convivencia.
- Coordinar as actuacións conxuntas dos ámbitos implicados relacionados coa mellora do clima de convivencia
- Propoñerlle á Administración educativa as medidas oportunas para a mellora da convivencia.

8.2.4. Periodicidade de reunións

A Comisión de Convivencia no Colexio Apóstol Santiago reunirse, cada vez que sexa necesario, para temas disciplinarios e, polo menos, unha vez ao ano co fin de valorar a convivencia do centro.

9. CONDICIÓN DE AUTORIDADE PÚBLICA DO PROFESORADO

- No exercicio das funcións directivas e organizativas, docentes e de corrección disciplinaria, o profesorado ten a condición de autoridade pública e goza da protección recoñecida a tal condición polo ordenamento xurídico.
- No exercicio das funcións de corrección disciplinaria, os feitos constatados polo profesorado e que se formalicen por escrito en documento que conte cos requisitos establecidos regulamentariamente teñen presunción de veracidade, sen prexuízo das probas que na súa defensa poida sinalar ou achegar o alumnado ou os seus representantes legais cando sexa menor de idade.
- O profesorado está facultado para requirir ao alumnado, dentro do recinto escolar e tamén durante a realización de actividades complementarias e extraescolares, a entrega de calquera obxecto, substancia ou produto que porte e que estea expresamente prohibido polas normas do centro, resulte perigoso para a súa saúde ou integridade persoal ou a dos demais membros da comunidade educativa ou poida perturbar o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou extraescolares.

O requirimento previsto neste punto obriga a alumna ou alumno requirido á inmediata entrega do obxecto, que será depositado polo profesorado na dirección do centro coas debidas garantías, quedando á disposición da nai ou pai ou da titora ou titor, se a alumna ou alumno que o porta for menor de idade, ou da propia alumna ou alumno, se for maior de 18 anos, unha vez terminada a xornada escolar ou a actividade complementaria ou extraescolar, todo iso sen prexuízo das correccións disciplinarias que poidan corresponder.

10. AVALIACIÓN

O final de cada curso a Comisión de Convivencia deberá ter unha reunión de avaliación sobre o desenvolvemento do Plan de Convivencia no curso que está a finalizar.

Esa avaliación será presentada na reunión que manteña o Consello Escolar, no que a Comisión de Convivencia fará unha análise das actuacións realizadas durante todo o curso, tendo en conta os seguintes indicadores.

Para a realización desta avaliación terase en conta os seguintes puntos.

A. Desenvolvemento do Plan de Convivencia. Evaluación cualitativa:

1. Grao de implicación da comunidade educativa na xestión e fomento da convivencia no centro docente: profesorado, alumnado y familias.
2. Adecuación del modelo de distribución e coordinación de funcións e de procedementos de actuación
3. Detección de necesidades e adecuación de recursos
4. Actuacións de prevención desenvolvidas.
5. Actuacións de mediación desenvolvidas.
6. Funcionalidade de procedementos utilizados
7. Influencia de contexto interno y externo de centro
8. Experiencias e plans de mellora desenvolvidas
9. Experiencias e necesidades formativas para a comunidade educativa.
10. Intervención de instituciones externas al centro: Concello, Menores, Inspección, etc...

B. Indicadores cuantitativos:

1. Número de faltas tipificadas como Leve II por ciclos.
2. Número de faltas graves.
3. Número de reunións da Comisión de Convivencia
4. Grao de satisfacción da comunidade educativa en relación coa situación da convivencia escolar